

RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que o Excmo. Concello Pleno, na sesión EXTRAORDINARIA e URXENTE celebrada os días dezaseis e vinte de abril de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

2/36 **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO/CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM.1/2020.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- **INFORME DO INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL**, núm. 2020/185, do 13 de abril, que figura no expediente.

2.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA**, do 13 de abril de 2020, que na súa parte expositiva sinala:

“Asunto: Proposta de aprobación de proxecto de modificación do Orzamento do Concello de Lugo Suplemento de crédito- Crédito Extraordinario Núm. 1/2020.

Importe: 5.910.555,72 euros


Destino:

- Axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar os efectos do COVID19.
- Cobertura de obrigas económicas derivadas de actos de contido económico das distintas áreas xestoras do Concello de Lugo derivados de actuacións necesarias para atender á situación ocasionada polo COVID-19.
- Cobertura de obrigas económicas derivadas de expedientes de contratación cuxo crédito orzamentario non foi obxecto de incorporación ao orzamento de 2020.
- Cobertura de obrigas económicas derivadas dos convenios asinados coa Sociedad Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas de España, Abastecemento de Auga a Lugo I e II Fase.
- Cobertura de obrigas económicas derivadas da contratación do servizo de mantemento e reparación de vías públicas municipais da zona rural do Concello de Lugo

Financiamento: RTGX

Mediante Decreto da Área de Economía número 1799/2020 do 17/3/2020 aprobouse a liquidación do Orzamento do Concello de 2019, na que se puxo de manifesto a obtención dun Remanente de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible por importe de 51.595.789,44 euros.

O Superávit en termos de contabilidade nacional segundo a normativa SEC95 se elevaba a 9.053.572,13 euros.



ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: 20p050020036.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 16-4-2020

O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:

- Bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Lugo, para paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Lugo, outorgando liquidez ás empresas da cidade para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.
- Actos de contido económico das distintas áreas xestoras do Concello de Lugo derivados de actuacións necesarias para atender á situación ocasionada polo COVID-19.
- Expedientes de contratación licitados ou consignados con cargo a RTGX 2018, incorporados ao exercizo 2019 e cuxo crédito non foi posible incorporalo ao estado de gastos do 2020.
- Execución dos convenios subscritos coa Sociedad Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas de España, abastecemento de auga a Lugo, 1ª e 2ª Fase.
- Expediente de contratación do servizo de mantemento e reparación de vías públicas municipais da zona rural do Concello de Lugo.

En consecuencia, e tendo en conta a aprobación dos expedientes de modificación orzamentaria tramitados (Expdte IRC 3/2020), logo de ver o informe de Intervención Ref.: 2020/185 de data 13/4/2020 e considerando a inexistencia ou insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias de referencia no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta”.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

- Votos a favor: 25, dos seguintes concelleiros adscritos aos Grupos Municipais do Partido Popular (GMPP), do Partido Socialista de Galicia-PSOE (GMPSdeG-PSOE), do Bloque Nacionalista Galego (GMBNG) e Ciudadanos Lugo (GMCL):

- Excm. Sra. Alcaldesa Dona Lara Méndez López (GMPSdeG-PSOE).
- D. Ramón Carballo Páez (GMPP).
- D.ª María Carmen López Silva (GMPP).
- D. Antonio Ameijide Osorio (GMPP).
- D.ª Beatriz Isabel Vázquez Belda (GMPP).
- D. Manuel López Fernández (GMPP).
- D.ª Sagrario Sánchez Ramil (GMPP).
- D. Óscar Poy Franco (GMPP).
- D. Javier Vázquez Prado (GMPP).
- D.ª Cristina Abades Martínez (GMPP).
- D. Manuel Rafael Pérez Prados (GMPP).
- Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de

- Goberno de Desenvolvemento Local Sostible ((GMPSdeG-PSOE).
 - Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE).
 - Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMPSdeG-PSOE).
 - Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE).
 - D. Mauricio Victorio Repetto Morbán, Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego (GMPSdeG-PSOE).
 - D.^a María Olga López Racamonde, Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores (GMPSdeG-PSOE).
 - D. Miguel Ángel Couto Alonso, Concelleiro Delegado de Urbanismo Sostible (GMPSdeG-PSOE).
 - Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (GMBNG)
 - Ilma. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG).
 - D. Alexandre Penas Roibás, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas (GMBNG).
 - Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG).
 - D. Felipe Rivas Jorge, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento (GMBNG).
 - D.^a María Olga Louzao Aldariz (GMCL).
 - D. Juan Manuel Vidal-Pardo García (GMCL).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningunha.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, con base nan proposta da Alcaldía, pola unanimidade dos vinte e cinco membros que conforman a Corporación, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (1/2020) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
20RT00001	24100.47900	Liña I axudas COVID19	4.000.000,00
"	24100.48900	Liña II axudas COVID19	1.000.000,00

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Ref#: 20p050020036.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO E URXENTE DO 16-4-2020

20COVID19	23150.22699	Convenio Cruz Roja COVID19	52.268,15
"	"	Serv.comida Pavillón Mun. COVID19	12.000,00
"	23183.22799	Serv.vixilancia Fogar Transeúnte COVID19	3.270,63
"	24103.22602	Campaña prensa e radio comercio lucense COVID19	16.151,78
"	15300.22699	Campaña Transporte P. COVID19	1.095,05
"	92009.22699	EPIs COVID19	150.000,00
"	92009.62500	Mamparas Edif. mun. COVID19	1.790,80
20RT00002	16510.61903	Cert. liquidac.A.P. Recatelo, Cedrón del Valle e outras	4.261,02
"	15300.61900	Direc.obra, S.S. Obra Peonalización Pza. A Milagrosa	2.653,64
"	15300.61900	Control arqueolóxica Peonalizac. Pza. A Milagrosa	7.441,50
"	15300.61900	Certif. liquidación Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	17.160,00
"	15300.61900	Sinalización Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	7.260,00
"	15300.61900	Columna Obra Peonalizac. Praza A Milagrosa	2.145,57
"	15300.61900	Execución de vados estacionamentos disuasorios	6.995,86
"	15300.61100	Pavimentac.Monte Adairo e Pía Paxaro	24.321,00
"	15300.61100	Pavimentac. Rúa do Vento	8.455,07
"	15300.61100	Cert. Liquidación mellora pavim. en Rúa Avetarda	5.900,00
"	15300.61100	Certif. liquidación Rede Abastecem. en Asmazas	5.500,00
"	15100.60001	Direc.obra e S.S.dotac.infrestruturas ao pé da parcela Colexio S.Corazón	2.318,36
"	15100.60001	Infraestrutura BEGASA Colexio Sagrado Corazón	23.848,11
"	15100.60001	Obras A.P. parcela Colexio S.Corazón	14.499,18
"	23170.60100	Certif.Liquidac.Ascensor Sagrado Corazón	9.129,06
20RT00003	92500.60900	Orzamentos Participativos 2018	70.500,00
20RT00004	33450.63300	Bombardino Escola de Música	7.400,00
20RT00005	45910.22799	Serv. mantem.e conservac.Vías P.Mun. Zona rural	135.000,00

4

10XX00034	16100.72300	Abastecemento de auga a Lugo 1ª Fase	295.924,76
07XX0120	16100.72300	Abastecemento auga a Lugo 2ª Fase	23.266,18
		TOTAL	5.910.555,72 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	5.910.555,72 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a deste Secretario.

